

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	PARADA DE SIL
Edificio	San Vítor de Barxacoba
Dirección	
	42.373056 -7.501667
Protección	
Descricion	<p>A capela e necrópole de San Vítor de Barxacoba é un conxunto arqueolóxico situada no concello de Parada de Sil, formado polos restos dunha capela medieval e unha necrópole con tumbas antropomorfas escavada en pedra.</p> <p>O enclave está no val do río Mao, preto da desembocadura no río Sil, na parroquia de San Lourenzo de Barxacoba. Xusto na beira oposta hai outro penedo chamado a Pena do Castelo, xa no concello da Teixeira.</p> <p>A capela e a necrópole pertenceron ao couto do mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil. Á súa vez, até o século XII pertenceu ao mosteiro de San Lourenzo de Barxacoba, que nese momento pasou a ser bailía da encomenda de Quiroga, pertencente á orde de San Xoán de Xerusalén.</p> <p>Non se sabe en que momento de abandonou. Segundo a tradición oral, as pedras das paredes da capela estaban erguidas até o século XIX. A comezos do século XX construíuse sobre o penedo unha base de cemento para unha torre eléctrica, xa retirada.</p> <p>A capela erguíase sobre o penedo, do que se foron desprendendo co tempo varias rochas. Accedíase a través duns chanzos por un corredor. A construción debía ter uns 12 m², e presúmese que había un miradoiro sobre a propia necrópole.</p> <p>GL.WIKIPEDIA.ORG (15-10-20124)</p>
Campás	
Fotos	3
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	
Data	

Información completa: [San Vítor de Barxacoba - PARADA DE SIL \(GALICIA\)](#)

PDF (10-06-2026)